



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 13 DE XULLO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia.
- Proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede a Medalla de Ouro de Galicia a Real Academia Galega.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se acorda a cesión, a título gratuito, do dereito de uso do inmovible denominado As Torres de Santa Cruz ao Concello de Oleiros.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2006/2007.



## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e *Meniños, Fundación para a Infancia*, para a execución do programa de integración familiar.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a participación da Comunidade Autónoma de Galicia na constitución da *Sociedade Galega de Servizos Sociais, S.A.* (SOGASERSO), por importe de 2.295.000 euros e se aproba o proxecto de estatutos.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Economía e Facenda a desembolsar e subscribir accións por un importe de 946.593,90 euros na ampliación de capital promovida pola sociedade *Xestión Urbanística de Ourense, S.A.*

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a mellora das bibliotecas escolares.

### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para a realización de accións de formación de investigadores e para potenciar os servizos de apoio á investigación e publicacións.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade de Vigo para a realización de accións de formación de investigadores e para potenciar os servizos de apoio á investigación e publicacións.



## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM Rural-Cerdido... Marín)

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional 2ª ao concerto do 29 de abril de 2005 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e a *Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridad de Ferrol*, do cal depende o Hospital Juan Cardona, pola que se fixa a actividade sanitaria para o ano 2006. O importe máximo da actividade para o ano 2006 é de 11.700.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional primeira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o *Instituto Policlínico La Rosaleda S.A.*, pola cal se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2006. O importe previsto para o ano 2006 será de 3.500.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional primeira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o *Instituto Médico Quirúrgico San Rafael, S.A.*, pola cal se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2006. O importe previsto para o ano 2006 será de 6.400.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a cláusula adicional primeira ao concerto do 16 de xaneiro de 2006 suscrito entre o Servizo Galego de Saúde (Sergas) e o *Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.* pola cal se actualizan a carteira de servizos, os conceptos facturables, as tarifas aplicables e o importe estimado para o ano 2006. O importe previsto para o ano 2006 será de 6.800.000 euros.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción de addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade o Servizo Galego de Saúde e a *Asociación Ciudadán de Loita contra a Droga ALBORADA DE Vigo*, para a realización de obras de reforma do inmovible onde se localiza a comunidade terapéutica.



## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo a desembolsar e subscribir accións por un importe de 1.247.099 euros na ampliación de capital promovida pola sociedade de *Xestur Urbanística de Ourense, S.A.*

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a axenda da visita de El-rei de España a Galicia os días 14, 15 e 16 de xullo.

### CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe do paro rexistrado, xuño de 2006.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da orde pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións complementarias destinadas a mozos adquirentes de vivendas de protección pública.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da orde pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións aos concellos para resolver o problema da infravivenda rural.



## **A XUNTA APROBA A CREACIÓN DOS COLEXIOS PROFESIONAIS DE HIXIENISTAS DENTAIS E DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA**

O Consello da Xunta aprobou o proxecto de Lei de Creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia, logo da apreciación do Goberno do interese público das actividades que engloba esta profesión. A Xunta responde así á solicitude presentada pola Asociación Galega de Hixienistas Dentais.

Os hixienistas dentais teñen atribuídas, no campo da promoción da saúde e da educación sanitaria bucodental, a recollida de datos, a realización de exames de saúde e o consello de medidas hixiénicas e preventivas, individuais e colectivas. Colaborarán tamén en estudos epidemiolóxicos, e poderán realizar determinadas funcións técnico-asistenciais como axudantes e colaboradores dos facultativos médicos e odontólogos.

O texto define o Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins dende o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno; cun ámbito territorial de actuación que será a Comunidade Autónoma.

Poderán integrarse nel as persoas que estean en posesión do título de formación profesional de segundo grao de hixienista dental; as que para seguir exercendo a profesión antes da entrada en vigor da Lei 10/1986 estean habilitadas para seguir exercéndoas de acordo co establecido no Real decreto 1594/1994, do 15 de xullo; e aquelas que estean en posesión do título de técnico superior en hixiene bucodental. O texto establece o requisito de inscribirse no colexio para exercer como profesional en Galicia, salvo no caso de profesionais que realicen funcións administrativas ou laborais por conta da Administración e destinadas a esta.

Segundo o texto deste proxecto de lei, a Asociación de Hixienistas Dentais de Galicia designará unha comisión xestora cunha representación equilibrada de mulleres e homes que, no prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta norma, aprobará uns estatutos provisionais para o colexio. Neles regularase a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da cal formarán parte todos os profesionais que poidan adquirir a condición de colexiados.

A asemblea constituínte elaborará e aprobará os estatutos definitivos e elixirá os membros dos órganos colexiais de goberno. Os estatutos, tras seren aprobados, serán remitidos á consellería competente na materia para a súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, esta aprobación será competencia do Consello da Xunta de Galicia.



### **Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática**

Doutra banda, a Xunta aprobou así mesmo o proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia para responder á solicitude conxunta da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e da Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de España. A creación deste colexio xustifícase pola crecente importancia da informática e polo desexo de regular o exercicio da profesión.

Este proxecto de lei define o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia como unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno. O ámbito territorial en que o colexio desenvolverá a súa actividade é a Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ao ámbito persoal, poderán integrarse neste colexio profesional aquelas persoas que estean en posesión do título de licenciado/a ou enxeñeiro/a en informática obtido segundo o disposto nos reais decretos 1459/1990 e 1954/1994 ou un título estranxeiro equivalente e homologado.

Para exercer a profesión de enxeñeiro/a en informática en Galicia será obrigatoria a incorporación ao Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática desta Comunidade Autónoma, unha vez que se teña establecido. Esta adhesión non será obrigatoria para os profesionais titulados que estean vinculados coa administración pública para servizos administrativos ou laborais.

Segundo este proxecto de lei, a Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática designarán unha Comisión Xestora que aprobará uns estatutos provisionais para o colexio, que serán os que regulen o funcionamento da asemblea constituínte. Esta asemblea aprobará os estatutos definitivos, que se lle remitirán á consellería competente para a súa aprobación definitiva.



## **A REAL ACADEMIA GALEGA RECIBE A MEDALLA DE OURO DE GALICIA, A MÁXIMA DISTINCIÓN DO GOBERNO GALEGO**

- *A Xunta decidiu premiar a esta institución polo seu labor en defensa e promoción da lingua galega, coincidindo co seu centenario*
- *O Goberno galego acordou entregar este ano unha única distinción*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a concesión da Medalla de Ouro de Galicia, na súa categoría de Ouro, á Real Academia Galega, que este ano celebra o seu centenario. O Goberno galego decidiu outorgarlle a súa máxima distinción en atención aos méritos que concorren na Real Academia Galega, unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego. Así mesmo, a Xunta de Galicia acordou entregar este ano unha única distinción.

Coa Medalla de Ouro de Galicia, que se entregará o vindeiro 25 de xullo, o Executivo galego distingue a diferentes persoas e/ou institucións que teñan destacado polos seus méritos no servizo á Comunidade en calquera campo da realidade social, cultural ou económica que os faga merecentes do recoñecemento do pobo galego.

Neste caso, as finalidades da Real Academia Galega son establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua; estudar e propor a restauración da onomástica galega; velar polos dereitos do idioma, defendelo e promovelos; asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social; estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución; e decidir a personalidade á que cada ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

### **Historia da Real Academia**

A Real Academia Galega constituíuse o 30 de setembro de 1906, pero xa en 1895 se pode atopar o seu antecedente máis directo na Comisión Xestora para a creación da Academia Galega, promovida por Emilia Pardo Bazán e Ramón Pérez Costales sobre a base doutra sociedade presidida pola escritora, Folklore Gallego. Aínda que esta primeira tentativa non chegou a frutificar, Pardo Bazán e Pérez Costales foron nomeados presidenta e académico de honra da institución.

En 1904, Manuel Murguía publicou un artigo no que propugnaba a creación dunha academia galega. Este texto despertou interese na sociedade, e un ano despois, en 1905, constituíuse na Habana a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, por iniciativa de Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal. En Galicia, esta iniciativa foi acollida polos persoeiros que se reunían na Librería Rexional de Uxío Carré Aldao, na Coruña, con Murguía a súa cabeza. Foi el quen asumiu a



responsabilidade fundacional, consciente da necesidade dunha institución con capacidade para proxectar ao futuro o rexurdimento cultural de Galicia.

No momento da súa constitución, en 1906, a Real Academia Galega estaba presidida por Manuel Murguía e contaba con corenta membros. O acto foi celebrado nos locais da Reunión Recreativa e Instrutiva de Artesanos, case un ano despois da presentación legal dos seus estatutos no Goberno Civil para a súa aprobación polo Ministerio de Instrución Pública. Os seus obxectivos iniciais eran fundamentalmente lingüísticos, e incluían a elaboración dun dicionario e unha gramática, proxectos que demoraron moitos anos.

A primeira etapa da institución, baixo a presidencia de Murguía (1906-1923), serviu para mitificar a figura de Rosalía e comezar a publicar o *Boletín de la Academia Gallega*, pero tamén para vivir polémicas e enfrontamentos debido ao seu carácter galeguista e político-social.

O segundo presidente, Andrés Martínez Salazar, foino só un ano, xa que morreu inesperadamente, algo que sumiu á entidade nun período de inactividade e parálise nas actividades académicas e motivou a fundación do Seminario de Estudos Galegos. O terceiro presidente foi Eladio Rodríguez (1926-1934), e durante este período foron nomeados académicos de número Castelao e Antón Vilar Ponte. Rodríguez foi substituído por Manuel Lugrís Freire, que dimitiu en 1936 por problemas de saúde. A chegada da Guerra Civil española fixo silenciar a institución e deu lugar a unha etapa de semiclandestinidad durante a que foi presidida por Manuel Casás Fernández (1942-1960 e Sebastián Martínez Risco y Macías (1960-1977).

Foi durante este período, en 1963, cando xurdiu a iniciativa do Día das Letras Galegas que, escasamente valorada nun primeiro momento, se tornou especialmente dinamizadora co transcurso dos anos. Así mesmo, á sede trasladouse dende as dependencias municipais do Palacio de María Pita á súa ubicación actual, na rúa Tabernas.

A presidencia de Domingo García-Sabell (1977-1997) recolle fitos relevantes coma o acordo co instituto da Lingua Galega sobre as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (1982) –que puxo fin á discordia entre as normas da RAG e as do Instituto da Lingua Galega–, o recoñecemento da Real Academia na Lei de normalización lingüística; a creación do seminario de lexicografía –e a posterior elaboración do seu primeiro dicionario monolingüe–, e a creación do seminario de sociolingüística, que realizou o Mapa sociolingüístico galego. Este período estivo marcado pola escaseza de medios e infraestruturas, só aliviado nos últimos anos coa consecución de financiamento para algúns proxectos dos seminarios de lexicografía e sociolingüística.





Coa presidencia de Francisco Fernández del Riego (1997-2001) a institución viviu unha apertura sen precedentes, tomaron posesión algúns académicos elixidos anos atrás e nomeáronse novos académicos entre prestixiosos escritores e intelectuais.

Na actualidade, coa presidencia de Xosé Ramón Barreiro Fernández (desde 2001) se lle tan dado un importante pulo á informatización dos fondos documentais que foi adquirindo a Real Academia.



## **A XUNTA CÉDELLE AO CONCELLO DE OLEIROS O DEREITO DE USO DO INMOBLE AS TORRES, SITUADO NA LOCALIDADE DE SANTA CRUZ**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a cesión a título gratuito a favor do Concello de Oleiros (A Coruña) do inmoble coñecido como As Torres situado na localidade de Santa Cruz. O conxunto cedido, propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado por un edificio principal, outro accesorio e o terreo anexo, que actualmente están dedicados a dependencias municipais de carácter cultural.

Segundo o decreto aprobado, a cesión do dereito de uso recolle que os fins a que se dedique o conxunto serán de utilidade pública e interese social, constituídos polos servizos de teatro municipal, biblioteca, museo e olaría, así como o uso público dos terreos anexos. A cesión outórgase por un prazo de dez anos prorrogables, e prevé que os custos de conservación, administración e mantemento do inmoble serán por conta do Concello de Oleiros.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE TAXAS UNIVERSITARIAS PARA O CURSO 2005-2006

- *Os prezos do ensino universitario incrementáse en Galicia o total do IPC máis 1,1 puntos*
- *O decreto foi aprobado por unanimidade no Consello Galego de Universidades do pasado 7 de xullo*
- *O decreto fixa en 17,77 e 26,15 euros o prezo por crédito dos mestrados públicos*

O Consello da Xunta de Galicia deu o visto e prace ao decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2006-2007. Segundo este texto normativo, os prezos nestas ensinanzas incrementáse o total do IPC máis 1,1 puntos con respecto ao ano pasado. Este aumento vén dado, entre outros criterios, polas previsións macroeconómicas xerais para Galicia e a distinción entre ensinanzas renovadas e non renovadas.

O Consello de Coordinación Universitaria fixou en maio deste ano para o vindeiro curso, o límite mínimo de aumento dos prezos académicos e demais dereitos nestas ensinanzas superiores no incremento do IPC e o límite máximo no aumento do IPC e 4 puntos máis. Deste xeito, segundo o decreto de taxas universitarias, os prezos incrementáse en Galicia o IPC máis 1,1 puntos, situándose así no 5%.

Como novidade con respecto ao curso pasado, o novo decreto recolle os prezos dos novos estudos de posgrao, os mestrados oficiais a prezos públicos. Segundo as indicacións do Consello de Coordinación Universitaria, estes prezos estableceranse entre 13 e 28 euros por crédito. Ademais, e con carácter excepcional, as comunidades autónomas poden modificar o límite superior ata un máximo equivalente ao 30% do custo para aqueles estudos que requiran custos moi elevados para o seu desenvolvemento.

Neste sentido, e tendo en conta que o custo medio por mestrado dun ano de duración é de ao redor de 1.200 euros, os custos do mestrados oficiais fíxanse en Galicia en 17,77 euros e 26,15 euros por crédito segundo o seu grao de experimentación. A liquidación dos prezos farase en función do número de créditos en que se realice a matrícula. As universidades poderán establecer un número mínimo de créditos para a formalización da matrícula, así como estruturala por módulos ou por materias.



## **A XUNTA DE GALICIA ACHEGA 2,3 MILLÓNS DE EUROS PARA PARTICIPAR NA CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS**

- *O Consello da Xunta aprobou a proposta da Consellería de Economía e Facenda de participar no 45% do capital de SOGASERSO*
- *O obxectivo desta Sociedade é a ampliación e mellora da rede de atención en materia servizos sociais*

O Consello da Xunta vén de autorizar á Consellería de Economía e Facenda a adquisición de catro mil cincocentas noventa accións na constitución da Sociedade Galega de Servizos Sociais (SOGASERSO) por importe de 2.295.000 euros, equivalentes ao 45% do seu capital. A constitución de SOGASERSO obedece á necesidade que ten Galicia de ampliar e mellorar a rede de atención en materia de servizos sociais, superando eivas como a oferta insuficiente, e ampliando a oferta de servizos e a súa cobertura territorial.

A Sociedade Galega de Servizos Sociais estará participada nun 45% pola Comunidade Autónoma de Galicia e no restante 55% a partes iguais polas caixas galegas. A Xunta de Galicia prevé que o capital inicial da futura sociedade acenda a 5.100.000 euros, dos que a Comunidade Autónoma subscribirá 2.295.000 euros, Caixa Galicia 1.402.500 euros, e Caixanova outros 1.402.500 euros.

SOGASERSO encargarse da construción, equipamento e xestión de infraestruturas destinadas á asistencia social, así como da promoción, deseño, execución e xestión dos servizos e programas de asistencia e benestar social. A constitución desta Sociedade servirá para establecer fórmulas estables de colaboración coas entidades de iniciativa social. Esta cooperación permitirá o desenvolvemento de actuacións conxuntas de creación de novos equipamentos e xestión dos servizos de atención, tratando así de optimizar os esforzos compartidos de acordo a criterios de calidade e eficiencia.

A Sociedade Galega de Servizos Sociais disporá da autonomía necesaria na súa xestión para a implementación de novos equipamentos e servizos sociais que permitan facer fronte aos déficits de cobertura social. A entidade, con personalidade xurídica e patrimonio propios, adoptará a forma dunha sociedade mercantil anónima participada pola Xunta de Galicia e pola iniciativa privada.



## **VICEPRESIDENCIA E AS CAIXAS DE AFORROS CONSTITÚEN SOGASERSO CUN CAPITAL INICIAL DE 5,1 MILLÓNS DE EUROS**

- *A Sociedade Galega de Servizos Sociais terá a súa sede en Ourense e acometerá coma primeira actuación a construción de cinco centro de atención para persoas maiores con dependencia*
- *Sogaserso está participada nun 45 por cento pola Xunta de Galicia e nun 27,5 por cento por Caixa Galicia e Caixanova*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a constitución da Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso), participada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e as dúas caixas de aforros galegas, Caixa Galicia e Caixanova, Sogaserso terá a súa sede social en Ourense, no Parque Tecnolóxico de Galicia do Polígono de San Cibrao das Viñas. A reunión semanal do Goberno galego autorizou hoxe á Consellería de Economía a adquirir 4.950 accións na constitución de Sogaserso por importe de 2.295.000 euros.

Sogaserso contará cun capital inicial de 5,1 millóns de euros nesta primeira fase, e nunha segunda fase está prevista unha ampliación de capital de 4,6 millóns. A sociedade está constituída nun 45 por cento pola Xunta de Galicia, un 27,5 por cento por Caixa Galicia e outro 27,5 por cento por Caixanova, Deste xeito, a Xunta aportará ao seu capital inicial case 2,3 millóns de euros e cada unha das caixas de aforros 1,4 millóns.

Sogaserso convértese deste xeito nun instrumento de xestión pioneiro na “revolución tranquila” do benestar encetada pola Vicepresidencia da Xunta de Galicia. O vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, e os máximos responsables de Caixa Galicia e Caixanova, José Luis Méndez e Julio Fernández Gayoso, asinaron o pasado 10 de marzo en Santiago o protocolo de colaboración para a constitución de Sogaserso, establecendo neste documento as liñas de colaboración estable entre a Xunta de Galicia e as dúas entidades financeiras para desenvolver actuacións conxuntas na creación de novos equipamentos e de xestión de servizos de atención, a través de fórmulas flexibles de financiamento,

Esta sociedade promovida pola Vicepresidencia e as caixas de aforros deséñase en dúas fases. Nunha primeira, a través da constitución dunha sociedade anónima cun capital inicial de 5,1 millóns de euros, e nunha segunda fase que implicaría unha operación de ampliación de capital da sociedade de 4.650.000 euros.

### **Primeiras actuacións**

Unha vez creada, a primeira actuación da sociedade será a de impulsar a construción,



equipamento e posta en funcionamento de cinco centros de atención para persoas maiores con dependencia, nos que se combinará a prestación do servizo de asistencia cos de atención diúrna. Estas primeiras actuacións de Sogaserso permitirán a creación de 750 novas prazas residenciais e 300 en centros de día, cun investimento estimado de 30 millóns de euros. Cada un dos cinco centros residenciais que construírá nesta fase Sogaserso terán 150 prazas de aloxamento e 60 prazas en centros de día. Deste xeito, cada unha destas novas residencias terá un custo de 6 millóns de euros, dos que 5,3 millóns corresponderán á construción e outros 700.000 euros serán para equipamentos.

Galicia ten actualmente importantes déficits de cobertura en materia de atención social, de xeito que os recursos e prestacións para os diferentes colectivos son insuficientes e non responden a unha distribución equilibrada no conxunto do territorio. Ante esta situación, a Vicepresidencia da Xunta está a impulsar un proceso que íntegra tanto a creación e optimización de novas infraestruturas sociais coma a definición dun novo marco de relación entre a administración e as diferentes entidades que traballan no eido dos servizos sociais.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar busca con estes instrumentos de xestión o establecemento das condicións básicas necesarias para o desenvolvemento do sector en termos de suficiencia, equidade, equilibrio territorial, profesionalidade e calidade asistencial. A Vicepresidencia pretende deste xeito desenvolver un deseño participado permanentemente pola iniciativa social, que pivotará na existencia de equipamentos e infraestruturas competitivas como garante de protección universal das persoas que presentan especiais necesidades en Galicia.

Sogaserso ten coma obxectivos básicos a creación, mellora e diversificación de servizos e recursos sociais para atender á demanda en todo o territorio galego cun deseño de impacto comarcal e unha adecuación da oferta ás circunstancias sociodemográficas cambiantes e ás expectativas que en cada momento se vaian xerando neste eido. Ademais, supón incorporar a innovación na xestión destes servizos e un compromiso coa mellora continua a través dunha estrutura que conxuga as vantaxes da participación pública, a transparencia, a concorrència, a equidade no acceso, o aseguramento de niveis óptimos de calidade, xunto con elementos que distinguen positivamente a xestión privada, como son a eficiencia, a rendibilidade e a avaliación de resultados.

Ademais, este instrumento consolida unhas relacións económicas e financeiras estables entre a Administración galega e as caixas de aforros mellorando así os niveis de investimento, reducindo os riscos e incrementando as marxes de competitividade, optimizando os esforzos compartidos e aproveitando sinerxias, Sogaserso servirá tamén para unha maior coordinación e integración da rede de servizos sociais,



mellorando as súas prestacións e incrementando a calidade, evitando deste xeito tratamentos parciais.

O Goberno galego considera que Sogaserro constituirá un referente no ámbito da xestión e a calidade dos servizos sociais, e será unha peza clave no proxecto político de configurar en Galicia un modelo de servizos sociais baseado na responsabilidade pública, con capacidade de integrar o relevante papel da iniciativa social e de fomentar a solidariedade cidadá, co fin de construír unha sociedade plenamente integradora. A constitución desta sociedade enmárcase na liña de acción do Goberno galego que aposta pola corresponsabilidade na resolución dos problemas sociais e que ten na sustentabilidade, na competitividade e na eficacia organizativa as súas premisas fundamentais.



## **VICEPRESIDENCIA COLABORARÁ COA FUNDACIÓN MENIÑOS NA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR**

- *O Consello da Xunta tamén autorizou un convenio entre a Vicepresidencia e o Ministerio de Asuntos Sociais para a realización de actuacións dentro do Plan do Voluntariado 2005-2009*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e "Meniños, Fundación para a Infancia" para desenvolver conxuntamente o programa de integración familiar nas catro provincias galegas. Trátase dun programa mediante o que se leva a cabo unha intervención integral e multidisciplinar coas familias e cos menores acollidos en centros ou en situación de risco, A Vicepresidencia da Xunta achega 211.475 euros para este programa, mentres que a Fundación Meniños aporta 165.000 euros.

O convenio a asinar ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Vicepresidencia e Meniños para a execución do programa de integración familiar nas catro provincias de Galicia, traballando de xeito integral tanto coas familias coma cos nenos participantes no programa. A finalidade é corrixir os déficits existentes nesas familias, de maneira que se garanta o desenvolvemento integral dos menores e a cobertura das súas necesidades básicas por parte dos pais.

Traballarase, dunha banda, na reunificación familiar con aquelas familias que teñan menores en centros de acollida, O obxectivo será neste caso mellorar a situación socio-familiar dos menores atendidos, intervindo directamente nos seus núcleos familiares de referencia para favorecer así un eficaz desinternamento, Por outra banda, o programa ten como obxectivo a preservación familiar con aquelas familias que teñan menores en situación de risco. Preténdense nestes casos potenciar os recursos desas familias para evitar a separación do menor do seu contorno familiar, E por último, contribúese -a nivel teórico- a un coñecemento máis preciso das situacións sociofamiliares dos menores acollidos en centros e das estratexias preventivas máis axeitadas para cada caso.





## **ECONOMÍA E VIVENDA PARTICIPARÁN NA AMPLIACIÓN DE CAPITAL DE XESTUR OURENSE CUNHA ACHEGA DE PRETO DUN MILLÓN DE EUROS**

- ***O Consello autorizou a participación da Consellería de Economía na operación que persegue a viabilidade da sociedade e que tamén contará co apoio do resto de accionistas***

O Consello da Xunta acordou autorizar á Consellería de Economía e Facenda a participar na ampliación de capital da sociedade Xestión Urbanística de Ourense (Xestur Ourense). A operación, aprobada recentemente no seo da sociedade, persegue dotar de recursos a firma para a súa viabilidade, co fin de fortalecer a súa estrutura financeira.

A operación ascende a algo máis de 2,5 millóns de euros dos cales a Consellería de Economía suscribirá 946.593,9 euros, representativos de 315 accións das 834 que se emitirán no conxunto da operación. O resto dos accionistas, entre os que están o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde) suscribirán senllas partes proporcionais á súa participación no capital da sociedade. Así, o IGVS realizará unha achega de 1.247.099,9 euros que representan 415 novas accións; mentres que o Inorde suscribirá 104 novas accións por importe de 312.526,24 euros.



## **EDUCACIÓN E O MEC INVISTEN 1,2 MILLÓNS DE EUROS NA DOTACIÓN E REFORMA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

- *Cada unha das institucións destina a esta actuación un total de 624.086 euros*
- *Beneficiaranse destas axudas polo menos a metade dos centros, cun investimento de entre 500 e 1.500 euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e Ciencia e a Comunidade Autónoma de Galicia para a mellora das bibliotecas escolares. A través deste acordo, tanto o Ministerio como a Comunidade Autónoma comprométense a achegar 624.086,66 euros para mellorar as bibliotecas escolares dos centros de educación primaria.

Esta contribución permitirá a mellora das dotacións das bibliotecas escolares, actualizando os seus recursos e adecuándoos ás ensinanzas que se imparten no centro e ás idades dos seus alumnos. Adquiriranse non só libros, senón tamén revistas, documentación en soporte informático e recursos de vídeo e audio. As bibliotecas de aula tamén se beneficiarán destas axudas.

Outro dos obxectivos é a adaptación das bibliotecas ás novas tecnoloxías. Por unha banda, este investimento permitirá a adquisición de mobiliario e material informático e multimedia que fagan posible non só a mellora dos contornos de traballo e lectura, senón tamén unha reforma dos medios para o almacenamento das coleccións que permita sistemas de busca e acceso máis eficientes. En segundo lugar, instalaranse adaptacións que permitan a conexión á Internet.

Ademais adaptaranse as instalacións de xeito que poidan ser utilizadas de forma independente ao resto do centro, fóra do horario lectivo. Tamén se incidirá na mellora da atención das bibliotecas, e na formación dos profesores sobre a xestión documental e bibliotecaria e sobre a aplicación da biblioteca escolar o desenvolvemento do currículo.

O convenio exige que polo menos a metade dos centros públicos de educación primaria da comunidade se beneficien desta axuda, cun investimento mínimo que, dependendo do seu tamaño, oscilará entre 500 e 1.500 euros.

Segundo o acordo que proximamente asinarán o MEC e a Xunta, a Comunidade Autónoma de Galicia comprométese a achegar 624.086 euros. No ano 2007 desembolsará unha partida de 336.046,67 euros, mentres que en 2008 achegará os 288.039,99 euros restantes.



O Ministerio de Educación e Ciencia xa aprobou en 2005 un crédito extraordinario para a mellora das bibliotecas escolares dos centros de ensino secundario, bacharelato e formación profesional, cun investimento de 1.924.554 euros. En Galicia beneficiáronse destas axudas 231 centros, cunha contía mínima de 4.500 euros. As melloras centráronse na actualización dos fondos en soportes impresos e electrónicos, así como na adquisición de mobiliario e equipamento audiovisual e informático. Ademais acondicionáronse as salas de biblioteca.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS A ACCIÓNS DE POTENCIAMENTO DA INVESTIGACIÓN NAS UNIVERSIDADES DE A CORUÑA E VIGO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo aos convenios de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as dúas institucións académicas para potenciar os seus servizos de apoio á investigación e de publicacións*
- *Polo que respecta 6 Universidade de Santiago de Compostela, este organismo percibirá máis de 550 mil euros para o mesmo fin, en virtude doutro convenio similar aprobado polo Consello da Xunta da semana pasada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as Universidades de A Coruña e Vigo para a realización de accións de formación de investigadores e para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación e de publicacións. O custo total das actividades en ambos os dous organismos supera o millón e medio de euros (1.568.720 euros), dos que a Consellería de Innovación e Industria aportará máis dun millón de euros (1.089.000 euros) e as universidades asumen o financiamento complementario das accións, cunha achega de preto de 500 mil euros (479.720 euros).

### **Máis de 700 mil euros para a Universidade da Coruña**

Polo que respecta á Universidade da Coruña, o custo total das accións supera os 700 mil euros (726.026 euros), dos que a Consellería de Innovación e Industria aporta preto de 550 mil (544.850 euros) e a institución académica os 181.176 euros restantes. A sinatura deste convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións posibilitará a posta en marcha de catro actividades. A primeira delas é a concesión de axudas para investigadores vinculados á Universidade da Coruña co fin de fomentar a súa participación en reunións de carácter científico, favorecendo así o intercambio e a actualización de coñecementos. Esta iniciativa precisa dun orzamento total de 90 mil euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria aportará 60 mil euros e os restantes 30 mil euros correrán por conta da Universidade da Coruña.

A segunda das accións que se van iniciar é a prórroga dos contratos vixentes de persoal investigador ou de apoio á investigación. A iniciativa precisa dun orzamento de 113 mil euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria aportará 65 mil euros e a institución académica os 48 mil euros restantes.

A realización de actuacións para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación é a terceira das actividades que son obxecto do citado convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións. O custo total destas actuacións é de 500 mil euros, dos que a Consellería de Innovación e Industria aporta 400 mil euros e



a Universidade da Coruña os 100 mil euros restantes. A finalidade destas accións é a de proporcionar apoio científico e tecnolóxico aos membros da Comunidade Universitaria e á sociedade galega para o fomento de labores de investigación e desenvolvemento, mediante a adquisición de novos equipamentos e infraestruturas e o mantemento de grandes equipos e instalacións.

Finalmente, os 23.026 euros restantes do convenio de colaboración dedicaranse á edición de publicacións periódicas de carácter científico de interese para a Comunidade Autónoma, a través dos servizos de publicacións da Universidade da Coruña. A achega destes cartos repartirase entre Innovación e Industria, que asumirá 19.850 euros, e a institución académica, que se encargará dos 3.176 euros restantes.

### **Preto de 850 mil euros para a investigación na Universidade de Vigo**

Polo que respecta á Universidade de Vigo, a realización das accións para a formación de investigadores e para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación e publicacións precisa dun orzamento total que está preto dos 850 mil euros (842.694 euros), dos que a Consellería de Innovación e Industria aporta preto de 550 mil euros (544.150 euros) e a Universidade de Vigo os preto de 300 mil euros restantes (298.544 euros).

Este orzamento repartirase entre as catro actividades que son obxecto do convenio. Así, dedicaranse 70 mil euros á concesión de axudas para os investigadores vinculados á Universidade de Vigo, dos que Innovación e Industria aportará 60 mil euros, e a institución académica os 10 mil euros restantes. A segunda iniciativa que posibilitará a sinatura do convenio é a realización dunha convocatoria de axudas para proxectos de investigación dirixida aos investigadores da Universidade de Vigo, unha acción que precisa dun total de 1 20 mil euros a repartir entre Innovación e Industria (65 mil euros) e o organismo académico (os 55 mil euros restantes).

A realización de actuacións para o potenciamento dos servizos de apoio á investigación percibirá a maior das contías, un total de 630 mil euros. Innovación e Industria aportará 400 mil euros e a Universidade de Vigo encargárase dos 230 mil euros restantes. Finalmente, destinaranse 22.694 euros para a publicacións periódicas de carácter científico e de interese para a universitaria, dos que Innovación e Industria aportará 19.150 euros e a de Vigo os 3.544 euros restantes.

A posta en marcha destes convenios de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e as Universidades da Coruña e Vigo está motivado polo interese coincidente entre estas institucións en realizar accións conxuntas que contribúan á formación e á actualización dos investigadores que desenvolven a súa actividade en centros dependentes dos organismos académicos, que reforcen os seus



servizos de apoio á investigación e que potencien o seu servizo de publicacións.

Este convenio enmárcase no contexto das competencias que ostentan ambas partes. Por un lado, a Dirección Xeral de I+D+i ten entre as súas atribucións a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación de Galicia, así como a xestión, coordinación e control do Plan Galego de I+D+i. Polo que respecta ás Universidades, posúen autonomía para a elaboración de plans de estudo e investigación, para a selección, formación e promoción do seu persoal docente e investigador así como a determinación das condicións nas que deben desenvolver as súas actividades.



## **MEDIO RURAL ASINA 9 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS**

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta décimo cuarta quenda de 1 .110.335 euros distribuídos en dúas anualidades.

Nesta fase, executaranse as obras previa sinatura dos convenios nos concellos de Cerdido, Ortigueira, Amoeiro, Carballeda de Valdeorras, Maceda, Punxín, Riós, San Cristovo de Cea e Marín.

Estes 9 concellos correspondentes á décimo cuarta quenda súmanse aos 202 incluídos nos anteriores consellos da Xunta, Nas vindeiras semanas proseguirase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006 ~ -2007.

A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Contemplanse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.



## **SANIDADE FINANCIARÁ CON 300.000 EUROS AS OBRAS DE REFORMA DA SEDE DA ASOCIACIÓN ALBORADA DE LOITA CONTRA A DROGA, NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE TOMIÑO**

### ▪ *O inmoble presenta na actualidade graves deficiencias que deben ser reparadas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova axuda da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para a asociación cidadá de loita contra a droga Alborada, da localidade pontevedresa de Tomiño. Esta nova colaboración permite a achega de 300.506 euros para a realización de obras de reforma e acondicionamento do inmoble onde se localiza a comunidade terapéutica, no local situado en Tomiño.

Entre as deficiencias graves do inmoble para a remodelación, destácase a presenza de gretas na fachada, filtracións de auga, así como problemas no abastecemento, saneamento ou calefacción. As obras tamén son necesarias para a adecuación á normativa actual de protección contra incendios, á Lei de ordenación urbanística, protección do medio rural, e supresión de cédula de habitabilidade.





## **O SERGAS ACHEGA 3,5 MILLÓNS DE EUROS AO CONCERTO COMPLEMENTARIO DA SANIDADE PÚBLICA GALEGA CO INSTITUTO POLICLÍNICO LA ROSALEDA, EN SANTIAGO**

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a prórroga durante o ano 2006 do concerto que o Servizo Galego de Saúde ten co Instituto Policlínico La Rosaleda por un valor que ascende a 3.500.000 euros.

O concerto cos centros privados é complementario e subsidiario da asistencia que a sanidade pública galega, a través do Servizo Galego de Saúde, presta aos cidadáns, neste caso de Santiago de Compostela.

Nesta addenda, especificábase a actualización da carteira e servizos, os conceptos facturables e as tarifas aplicables a cada proceso asistencial. Están tarifadas as estadias, as consultas externas e os distintos procesos, que son os de área médica, os procesos cirúrxicos con médicos do centro privado, procesos cirúrxicos con facultativos do Servizo Galego de Saúde, e tamén procesos descartados (cando unha vez consultado co paciente e valorado o seu risco, non sexa factible ou aconsellable que se realice a intervención).

Tamén quedan especificados a cirurxía menor ambulatoria, os procedementos diagnósticos especiais, os estudos preoperatorios, a rehabilitación ambulatoria, hemodiálise, prótese e sangue e hemoderivados.



## O SERGAS FINANCIARÁ CON 11 MILLÓNS DE EUROS O CONCERTO COMPLEMENTARIO DA SANIDADE PÚBLICA PARA O ANO 2006 CO HOSPITAL JUAN CARDONA DE FERROL

▪ *Tamén amplía os concertos co Instituto Médico Cirúrxico San Rafael e co Instituto Policlínico Santa Teresa, ambos da cidade da Coruña*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o concerto entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol, do que depende o Hospital Juan Cardona, para o ano 2006, por un importe de 11.700.000 euros.

O concerto cos centros privados é complementario e subsidiario da asistencia que a Sanidade pública galega, a través do Servizo Galego de Saúde, presta aos cidadáns, neste caso, de Ferrol.

Neste concerto, defínese a prestación sanitaria que se compromete a proporcionar o Hospital Juan Cardona aos beneficiarios da seguridade Social protexidos polo Sergas, a contraprestación económica que percibirá o hospital por estes servizos, e establecer as bases de relación do centro sanitario co Sergas en temas como listas de espera ou a Comisión de Seguimento do Concerto, garantindo que os recursos sanitarios sexan planificados segundo os criterios dos pacientes.

Trátase dunha prórroga ao concerto asinado entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol asinado con data 29 de abril de 2005. O seu obxectivo é ampliar a oferta asistencial do Sergas para servizos de diagnose e tratamento na comarca de Ferrol.

### **Convenios na Coruña**

O Consello da Xunta de Galicia tamén autorizou hoxe prorrogar durante o ano 2006 o concerto que o Servizo Galego de Saúde ten co Instituto Médico Cirúrxico San Rafael por un valor de 6.400.000 euros, e co Instituto Policlínico Santa Teresa por un valor que ascende a 6.800.000 euros.

En cada unha destas addendas especifícanse a actualización das tarifas ou a incorporación de novos servizos, que definen a prestación dos servizos sanitarios que o Instituto Médico Cirúrxico San Rafael e o Instituto Policlínico Santa Teresa se compormenten a dar aos beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Sergas.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO ACHEGA 1.247.099 EUROS PARA AMPLIAR O CAPITAL SOCIAL DE XESTUR-OURENSE E CONVERTER ESTA SOCIEDADE NUN INSTRUMENTO EFICAZ DE CREACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta ampliación que permite á empresa pública saír da situación de quebra técnica*
- *A ampliación permitirá retomar os parques empresariais previstos na provincia a través de Xestur-Ourense*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a ampliación do capital social da empresa pública Xestur-Ourense, adscrita á Consellería de Vivenda e Solo, que por parte deste departamento implica o desembolso de 1.247.099,99 € dunha ampliación total de 2.506.220,04 €, para a adquisición de 415 novas accións que se suman ás que xa posúe na actualidade nesta sociedade na que participa co 49,75% do capital,

A decisión permitirá recuperar un instrumento para desenvolver a política de solo empresarial na provincia de Ourense xa que saca á empresa da situación legal de disolución na que estaba, dada a precaria situación económica da sociedade deixada pola xestión da anterior equipa de Goberno.

Desde un primeiro momento, a Consellería de Vivenda e Solo apostou pola vía da ampliación de capital, ao estimar que calquera outra decisión suporía unha “discriminación” con respecto ao resto do país, xa que existe unha Xestur por provincia que no caso da Coruña, Lugo e Pontevedra “están funcionando con total axilidade e solvencia financeira”.

Unha vez que a ampliación de capital aprobado hoxe pola Xunta, á que deberá sumarse tamén o INORDE, se faga efectiva, a Consellería de Vivenda e Solo poderá axilizar os proxectos de parques empresariais previstos na provincia e cuxa execución estaba encomendada a Xestur-Ourense, e que agora estaban paralizados ante a situación de quebra financeira da sociedade.

Neste sentido, a Consellería de Vivenda anunciou a súa intención de sacar adiante parques empresariais como o de Verín, de 1 millón de metros cadrados, o de Xinzo de Limia, e o de Pereiro de Aguiar, entre outros.



## OS REIS VISITARÁN EN GALICIA LUGARES DE GRAN RIQUEZA NATURAL E AMOSARÁN O SEU COMPROMISO CO DESENVOLVEMENTO DO INTERIOR GALEGO

- *A visita oficial das SSMM os reis á Comunidade Autónoma estenderase durante tres días e incluírá actos en diferentes provincias galegas*
- *Visitarán A Coruña, Ferrol e Ribeira e inaugurarán novas instalacións de Coren en Ourense e a nova sede da Fundación Caixanova en Pontevedra*
- *O presidente da Xunta acompañará os monarcas nos seus desprazamentos por Galicia e ofrecerá un almorzo no mosteiro de San Clodio, en Leiro, no pleno corazón de Ribeira, na honra das SS.MM os Reis no que participarán representantes do mundo empresarial de Galicia*

O Goberno galego coñeceu na súa reunión desta mañá o programa oficial da visita a Galicia das SSMM os Reis, que se desenvolverá os vindeiros días 14, 15 e 16 de xullo. Durante tres días os monarcas visitarán diferentes enclaves da xeografía galega. A axenda da viaxe levará os reis a aqueles lugares galegos que mellor concilian os valores do progreso e a sustentabilidade co obxectivo de poñer en valor a gran riqueza dos recursos naturais de Galicia e o desenvolvemento do interior de Galicia.

O titular do Goberno galego, Emilio Pérez Touriño, acompañará os monarcas nos seus desprazamentos por Galicia e ofrecerá un xantar no mosteiro de San Clodio na honra das SS.MM no que participarán representantes do mundo empresarial de Galicia.

### **Visita á Coruña e a Ferrol**

A visita das SSMM os Reis comeza o día 14 a media mañá cunha visita ao novo edificio da Fundación Caixa Galicia na Coruña e coa inauguración dunha exposición no mesmo edificio.

Xa pola tarde, visitarán institucionalmente o concello de Ferrol –cidade que nunca visitaran institucionalmente como xefes de Estado- onde coñecerán o teatro Jofre, recentemente reinaugurado e remodelado, e finalmente ofrecerán unha recepción á sociedade civil ferrolá.

### **Visita á provincia de Ourense e á cidade de Pontevedra**

O día 15 os reis visitarán Ribeira onde inaugurarán unha praza pública para conmemorar os cen anos de concesión real do título da cidade a esa antiga vila e coñecerán dúas exposicións sobre produtos do mar e espazos naturais de Galicia. Desde Ribeira os reis desprazaranse á fábrica de procesamento de aves de Coren, en Ourense, unha das instalacións máis modernas de Europa neste eido, onde procederán á inauguración da ampliación da factoría.



O mesmo día 15, o presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, ofreceralles un xantar aos reis, ás autoridades institucionais de Galicia e a unha representación do empresariado no mosteiro de San Clodio, en Leiro. Desde alí, desprazaranse a Pontevedra para presidir a inauguración da nova sede da *Fundación Caixanova* na cidade do Lérez.

### **Escola Naval Militar**

Logo de pasar a noite en Pontevedra, o día 16 as SSMM presidirán o acto de entrega de despachos oficiais na Escola Naval Militar de Marín.



## O PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO O PARO REXISTROU O MAIOR DESCENSO NESTE PERÍODO DO ÚLTIMO LUSTRO

- *Cos datos do mes de xuño, en que o número de parados diminuíu en 9.415 persoas, os seis primeiros meses do ano acumulan unha redución de 25.000 demandantes, o que supón unha media de 9.012 parados menos que no primeiro semestre de 2005, rebaixándose o paro nun 5%*
- *O descenso rexistrado en xuño sitúa a Galicia como a comunidade onde máis diminúe o paro rexistrado con respecto ao mes de maio. En relación co mesmo mes de 2005, Galicia é a segunda comunidade na que máis descende o paro, tan só por detrás de Madrid*
- *Segundo se recolle no Informe do paro rexistrado correspondente ao mes de xuño, o número de desempregados reduciuse neste mes en todas as provincias e en todos os sectores. Por comarcas o paro diminúe en 48 e aumenta en 5. Por sexos a redución do paro feminino practicamente quintuplica á do masculino*

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, presentou esta mañá ao Consello da Xunta, o *Informe do Paro Rexistrado. Evolución do Emprego*, correspondente ao mes de xuño, elaborado polo Servizo Galego de Colocación a través da información recollida nas oficinas de emprego e no Instituto Social da Mariña. No devandito informe analízase a evolución mensual do paro, é dicir, o seu comportamento con respecto ao mes de maio, e a interanual, ou o que é o mesmo, a comparativa co mesmo mes do pasado ano, xuño de 2005. Así mesmo, no informe reflíctense os datos de demandantes de emprego parados por concellos e comarcas e o rexistro de contratos durante o mes.

Tal e como explicou Varela ao Consello, o paro rexistrado está tendo un bo comportamento, xa que os seis primeiros meses deste ano supoñen o período consecutivo no que houbo maior redución porcentual do paro dos últimos cinco anos, reducíndose nuns 25.000 demandantes. No primeiro semestre deste ano hai unha media de 9.012 parados menos que no primeiro semestre de 2005. Isto supón rebaixar o paro nun 5%.

O conselleiro mostrouse convencido de que só se poderá conseguir o pleno emprego se as mulleres se incorporan á totalidade de ocupacións, e indicou que comezan a aparecer con certo peso na redución do paro interanual feminino, algúns sectores tradicionalmente masculinizados como fabricación de automóviles ou a industria da madeira.

Segundo se recolle no informe o número total de parados nas oficinas de emprego galegas en xuño de 2006 elévase a 153.746 persoas, o que supón un descenso do paro rexistrado en valores absolutos de 9.415 persoas, que en valores porcentuais representa unha diminución do 5,77% con respecto ao mes anterior.



O paro rexistrado diminúe en todas as provincias, o maior descenso prodúcese na provincia de Pontevedra con 3.973 parados menos. Por comarcas, o paro rexistrado diminúe en 48 e aumenta en 5. Das comarcas onde diminuíu o paro cómpre destacar Vigo, con 1.822 desempregados menos, A Coruña, con 1.117, O Salnés, con 702 parados menos que en maio, e Santiago cun descenso de 650 demandantes. Das comarcas onde o paro aumenta destacan Os Ancares, con 42 desempregados máis, e Terra de Celanova con 20.

Por concellos, prodúcese un descenso do paro rexistrado en 248 e aumenta en 53, o que representa o 78,73% e o 16,82%, respectivamente, dos 315 concellos da comunidade autónoma. En canto aos que descenden, hai que destacar Vigo cun descenso de 1.352 parados, A Coruña cunha redución de 766 desempregados e Ourense con 527 demandantes menos que en maio. Nos sete grandes concellos prodúcese un descenso do paro de 4.206 persoas, o paro diminúe en todos eles e representa o 44,67% do descenso do paro total rexistrado. Dentro dos concellos onde aumenta o paro hai que destacar Becerreá (Lugo) cun incremento de 30 persoas e Ramirás (Ourense) e Castro de Rei (Lugo) cun incremento de 19 persoas cada concello.

Por sexos, entre as mulleres prodúcese unha diminución de 6.042 paradas rexistradas, o que supón practicamente dobrar a redución rexistrada ente os homes onde se produce unha diminución de 3.373. Desagregado por idades o paro diminúe tanto nos menores de 25 anos cun descenso de 1.915 persoas como nos maiores de 25 anos cun descenso de 7.500 persoas. Por sexo e idade o paro diminúe en todos os tramos, o maior descenso prodúcese nas mulleres maiores de 25 anos con 4.476 paradas menos que en maio.

Desagregado polo nivel académico, o paro rexistrado diminúe en todos os niveis. Hai que destacar os descensos nos niveis da EXB e da formación profesional cunhas reducións de 2.576 e 1.834 desempregados respectivamente.

O descenso do paro céntrase neste mes no sector servizos con 5.678 demandantes menos. A maior redución relativa prodúcese no sector servizos cun descenso do 6,21% e no colectivo sen emprego anterior cunha redución porcentual do 5,89%.

Na evolución interanual o número de parados diminúe en 8.518 persoas, o que representa en valores porcentuais o -5,25%. No informe indícase que na evolución do mes de xuño nos últimos anos, obsérvase como estamos ante un mes onde, en xeral, o paro rexistrado diminúe. Neste ano 2006 amósase coa mesma tendencia, sendo o descenso superior á media dos últimos cinco anos.



No informe tamén se recollen os datos do paro rexistrado no Estado. Así, no mes de xuño, prodúcese un descenso do paro rexistrado estatal de 44.774 persoas. O dito descenso representa unha variación relativa do -2,23%, o que sitúa o número de parados en España en 1.959.754 persoas. Por sectores, no eido estatal prodúcese un descenso do paro en todos agás no primario onde sobe o paro en 1.123 persoas. No sector servizos diminúe en 33.236 persoas, na industria en 7.444 persoas, na construción en 3.185 e no colectivo sen emprego anterior en 2.032 persoas.

Galicia cun descenso de 9.415 parados é a Comunidade Autónoma onde máis diminúe o paro rexistrado con respecto ao mes de maio. En valores interanuais, é dicir con respecto ao mes de xuño de 2005, Galicia é, tras Madrid, a Comunidade onde máis diminúe o paro con 8.518 parados menos. Neses mesmos termos interanuais no conxunto do Estado o descenso relativo é do -0,76% fronte ao descenso en Galicia do -5,25%.

Na evolución dos contratos rexistrados, prodúcese un aumento das contratacións no ámbito estatal de 18.187 contratos rexistrados máis que no mes anterior. En total, rexistráronse no mes de xuño 1.655.753 contratos; deste total, 152.484 foron indefinidos (9,21%) e 1.503.269 temporais (90,79%). En Galicia rexistráronse un total de 79.201 contratos, 7.792 contratos máis que en maio; deste total, 6.778 foron indefinidos (8,56%) e 72.423 temporais (91,44%).





## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO ABRE AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA OS CONCELLOS PARA A ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO E DA INFRAVIVENDA**

- *Os concellos obteñen subvencións de ata o 80% do prezo das vivendas que adquiren para o realoxo das familias que viven en infravivendas ou en asentamentos de chabolas*

O Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo que dirixe Teresa Táboas, aprobou un decreto de subvencións aos concellos para a erradicación do chabolismo e da infravivenda no rural. Con ambas actuacións, a Consellería pretende facilitar ó acceso a unha vivenda digna ademais de favorecer a integración social das familias e unidades convencionais de menores ingresos.

A primeira das axudas, a relativa ao chabolismo, vai destinada á compra ou construción de vivendas para o realoxo das familias que viven en chabolas. Para isto, a Consellería destinará axudas de ata un 80 por cento do prezo da vivenda, que serán concedidas a estas familias directamente ou ben a través dos concellos que constrúan ou compren vivenda con esta finalidade.

As familias que decidan adquirir unha vivenda, de nova construción ou usada, obteñen unha subvención de ata o 30% do prezo da vivenda, sempre e cando acrediten a súa integración social. Así mesmo, poden optar pola autopromoción da súa vivenda, obtendo neste caso unha subvención de ata o 50% do orzamento protexible.

As vivendas adquiridas ou construídas polos concellos para realoxar a estas familias serán adjudicadas en réxime de aluguer. A Consellería subvencionará ao concello o 80% do prezo da vivenda no caso dos municipios con menos de 50.000 habitantes, e ata o 60% nos restantes. Paralelamente, o prezo das vivendas non poderá ser superior ao prezo establecido para a vivenda protexida nese concello.

As subvencións serán de ata o 80% da contía mensual do aluguer nos municipios con menos de 50.000 habitantes e ata o 65% no resto dos casos, cun límite máximo de 300 € ao mes por vivenda e por un período máximo de tres anos. Transcorridos dous anos e acreditada a integración social dos adxudicatarios, estes poderán acceder a estas vivendas en réxime de propiedade. Neste suposto os concellos deberán descontar do prezo da vivenda o total da subvención do aluguer abonada ás familias.

Con respecto á liña de axudas prevista pola Consellería para subsanar o problema da infravivenda no rural, as actuacións desenvolveranse tanto en infravivendas ou terreos propiedade dos afectados, como en aqueles terreos ou edificacións que están



en mans do concello, Concretamente, no primeiro dos casos, as accións serán relativas á rehabilitación e renovación das vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade. Mentres, nos terreos ou edificacións en propiedade do concello, procederase ao acondicionamento de edificacións do concello para o realoxo destas familias, así como á construción de vivendas novas.

A Consellería aportará ata un máximo do 80% do orzamento protexido das obras para os concellos de poboación inferior a 50.000 habitantes, e o 65% para os restantes municipios. Estas subvencións teñen un máximo de 30.000 euros por vivenda para as actuacións de rehabilitación, e de 45.000 euros por vivenda para as accións relativas á renovación da infravivenda ou á construción de novas vivendas.

Os concellos interesados en calquera destas dúas liñas de axudas deberán remitir á Consellería de Vivenda e Solo unha memoria completa sobre os asentamentos de chabolas ou infravivendas existentes no seu territorio, así como o proxecto para sanear a área na que se inscriben as mesmas, e as actuacións que pretenden realizar para facilitar o acceso a unha vivenda digna destas familias.

O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 30 de setembro para as actuacións relativas ao realoxo de familias residentes en chabolas, e o día 15 do mesmo mes para a liña de subvencións aos concellos que incide na erradicación da infravivenda no rural.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO DESTINARÁ 400.000 EUROS EN 2006 A AXUDAS PARA A XENTE MOZA ADQUIRINTE DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PÚBLICA**

- *O Consello da Xunta aprobou esta mañá a orde pola que se aproban as bases e se convocan estas subvencións complementarias*
- *A contía das axudas ascenderá a 1.500 euros por vivenda*
- *Poderán acceder a estas subvencións os menores de 35 anos, cuns ingresos que non excedan os 21.000 euros anuais e sempre que a vivenda se destine a residencia habitual*

A Consellería de Vivenda e Solo informou esta mañá ao Consello da Xunta do contido dunha orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan, para o ano 2006, as subvencións complementarias destinadas á xente moza adquirinte de vivendas de protección pública na Comunidade Autónoma galega para aqueles mozos e mozas que adquiren unha vivenda protexida ao amparo de plans de vivendas anteriores a 2002 e que tivesen menos de 35 anos no momento da sinatura. Con esta medida, á que se destinan un total de 400.000 euros neste ano, o Goberno galego pretende favorecer o acceso á vivenda digna da cidadanía, dando cumprimento ao mandato constitucional e estatutario.

A Consellería de Vivenda e Solo da Xunta busca a atención preferente de apoiar ao colectivo de xente moza para acceder a unha vivenda que permita a súa autonomía e construción de vida propia, instrumentando subvencións complementarias aos plans de vivenda e continuando agora coa liña de subvencións en beneficio dos mozos de baixo poder adquisitivo que accedesen en propiedade a unha vivenda financiada ao amparo dos plans estatais de vivenda e anteriores ao Plan de Vivenda 2002-2005 e no período que se determina.

### **Actuacións subvencionables e importe máximo**

Segundo se establece na orde, serán actuacións subvencionables a adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas de protección oficial de promoción privada; a adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas declaradas protexidas pola Comunidade Autónoma; e a adquisición protexida doutras vivendas xa construídas e de vivendas a prezo taxado.

Polo que respecta á contía das axudas será de 1.500 euros por vivenda para os beneficiarios que cumpran os requisitos especificados nesta orde.

### **Beneficiarios**

Para poder acceder a estas subvencións, os demandantes deberán ter menos de 35 anos na data de formalización da escritura pública de compravenda, de adxudicación



ou, se é o caso, de obra nova rematada; os ingresos anuais da unidade familiar non deberán exceder os 21.000 euros; poderán acceder os demandantes cuxa vivenda se destine a residencia habitual e permanente; que obtivesen préstamo cualificado coa debida conformidade do Ministerio de Fomento con cargo aos convenios dos correspondentes plans de vivenda, anteriores ao Plan Estatal de Vivenda 2002-2005, debendo estar formalizado entre o 1 de xaneiro de 1999 e a data de presentación, dentro do prazo da solicitude destas subvencións, e en período de amortización; e que non solicitasen as devanditas axudas ao abeiro das ordes do 22 de setembro de 2000, do 18 de xullo de 2001, do 13 de xuño de 2002, do 20 de marzo de 2003, do 10 de marzo de 2004 e do 11 de febreiro de 2005, coa excepción daqueles casos nos que as solicitudes remataron o seu procedemento sen obter beneficio.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o 15 de setembro de 2006.